



FACULTADE DE XEOGRAFÍA
E HISTORIA



FACULTADE DE XEOGRAFÍA
E HISTORIA

MEMORIA DE CALIDADE
Facultade de Xeografía e Historia

Curso Académico: 2014-2015

Índice

1.....	Introdución	8
2.....	Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	17
3.....	Plan de Melloras do Centro	50
4.....	Anexo: Informes de seguimento	51

1. Introducción.

Dentro do contexto universitario actual, como parte da política de calidade deseñada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Facultade de Xeografía e Historia asume, dentro do seu Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), a obriga de garantir a excelencia dos títulos que se imparten nela de acordo coas necesidades e demandas da sociedade galega. Por ese motivo, o Centro ven desenvolvendo a súa labor marcándose como un dos seus obxectivos principais a oferta duns programas formativos que, xunto coa calidade dos seus contidos, estea avalada por unha xestión de calidade, entendendo esta como unha peza fundamental do proceso no que se establece a máxima eficacia con tódolos nosos grupos de interese.

No caso particular da Facultade de Xeografía e Historia este compromiso, así como os obxectivos aparelados a el, amósase na millora progresiva nos procesos de seguimento de tódolos seus títulos, na definición do plan de viabilidade daqueles que o precisaban e na participación, e avaliación positiva, dos títulos de grao no programa piloto para a renovación da acreditación realizada durante o curso 2013-2014 e na correspondente comunicación do resultado a principios de 2015.

A Memoria de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia, correspondente ao curso 2014-2015, reúne dun xeito resumido a información vencellada ao SGIC, ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o plan de melloras deste durante o mencionado curso 2014-2015, e as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos de cara ao curso 2015-2016.

A presente Memoria de Calidade foi aprobada na Xunta de Facultade do luns, 18 de xaneiro de 2016.

Estrutura da Facultade de Xeografía e Historia para o desenvolvemento do SGIC.

Ámbito de aplicación. O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2014-2015 atinxe a todas as titulacións impartidas no centro e a tódalas persoas do Centro: alumnado, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador.

Os títulos vencellados á Facultade durante o devandito curso foron:

Licenciatura de Xeografía.

Licenciatura de Historia.

Licenciatura de Historia da Arte.

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

Grao en Historia.

Grao en Historia da Arte.

Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea (2ª edición).

Máster Ofical Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade (3ª edición). (USC, Universidade Coordinadora).

Máster Oficial Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.

Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte. (USC, Universidade Coordinadora).

No caso das licenciaturas de Xeografía, Historia e Historia da Arte non se impartiu docencia durante o curso 2014-2015, sendo a única actividade a correspondente ás probas de avaliación.

Neste curso 2014-2015 continuouse coa impartición da docencia nos tres graos vencellados co centro e, do mesmo xeito, consolidouse a oferta de másteres coa segunda e terceira edición dos másteres interuniversitarios en Historia Contemporánea e Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. Do mesmo xeito presentouse para a súa aprobación a memoria dun novo Máster Oficial Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España. Séculos XVI-XVIII, cuxa docencia comezou no presente curso 2015-2016.

Tendo en conta os diferentes roles que a USC xoga nos másteres ofertados polo centro, ben como universidade coordinadora, ben como universidade asociada, os informes de seguimento que se achegan nesta memoria de calidade corresponden aos graos en Xeografía e Ordenación do Territorio, Historia e Historia da Arte, e aos másteres en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial, Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.

Como xa se indicou, durante o segundo semestre do curso 2013-2014 os graos en Xeografía e Ordenación do Territorio, Historia e Historia da Arte, sometéronse ao proceso de avaliación para a renovación da acreditación. O devandito proceso rematou en marzo de 2014, sendo informado positivamente en xaneiro de 2015.

Documentación de referencia. Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos, e da normativa xeral estatal, autonómica e da USC, a que se inclúe a continuación:

Memoria do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

Memoria do Grao en Historia.

Memoria do Grao en Historia da Arte.

Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea (2ª edición).

Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (3ª edición). (USC, Universidade Coordinadora).

Memoria do Máster Oficial Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.

Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte. (USC, Universidade Coordinadora).

Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Xeografía e Historia.

Regulamento de Réxime Interno dos departamento adscritos á Facultade.

Regulamento de Réxime Interno das correspondentes Comisi3ns Acad3micas dos M3steres que se imparten no centro.

Os 3rganos de goberno, comisi3ns e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisi3n de Calidade do Centro (CCC), as comisi3ns de t3tulo, o responsable de calidade do centro, os e as coordinadores/as dos t3tulos, a comisi3n de pr3cticas acad3micas en empresas (PAE).

As funci3ns de cada un dos 3rganos e cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Manual do Sistema de Garant3a Interna de Calidade da Facultade de Xeograf3a e Historia.

No caso da CCC, a s3a composici3n 3 a seguinte:

Decano/a da Facultade de Xeograf3a e Historia.

Vicedecano/a de Asuntos Acad3micos.

Responsable de calidade do centro.

Directores/as dos departamentos adscritos ao centro.

Coordinadores/as dos t3tulos impartidos no centro.

Xestor/a Acad3mica do Centro.

Alumnos/as dos t3tulos impartidos no centro (3).

Son funci3ns da CCC:

Realizar o deseño, a implantaci3n, o seguimieto e mellora do SGIC no Centro.

Elabora a Memoria de Calidade do Centro.

Proposta do Plan de Mellora do Centro para o curso seguinte.

Informe do seguimieto da implantaci3n do SGIC.

Informes de seguimieto dos t3tulos.

As reuni3ns da CCC durante o curso 2014-2015 foron as seguintes:

23 de setembro de 2014. Orde do d3a:

Aprobaci3n se procede, da acta anterior.

Informe do Sr. Decano.

Proposta e aprobaci3n, se procede, dos Tribunais de TFG, curso 2014-2015.

Informe sobre a oferta de pr3cticas externas para o curso 2014-2015.

Proposta e aprobaci3n, se procede, da asignaci3n das Matr3culas de Honra, nos traballos fin de Grao, curso 2013-2014.

Proposta e aprobaci3n, se procede, das acci3ns de mellora.

Proposta e aprobaci3n, se procede, da inclusi3n dun profesor na liña tem3tica Bioxeograf3a, clima, cambio clim3tico e paleoambiente.

Asuntos urxentes e de trámite.

Rogos e preguntas.

31 de outubro de 2014. Orde do día:

Aprobación se procede, da acta anterior.

Informe do Sr. Decano.

Proposta e aprobación, se procede, dunha solicitude de defensa de TFG por medios telemáticos.

Informe de seguimento dos títulos do centro.

Asuntos urxentes e de trámite.

Rogos e preguntas.

5 de febreiro de 2015. Orde do día:

Aprobación se procede, da acta anterior.

In forme do Sr. Decano.

Proposta e aprobación, se procede, do manual simplificado do sistema interno de garantía de calidade do centro.

Informe, proposta e aprobación, se procede, da programación para atender a solicitude de informe de viabilidade do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

Asuntos urxentes e de trámite.

Rogos e preguntas.

27 de marzo de 2015. Orde do día:

Aprobación se procede, da acta anterior.

Informe do Sr. Decano.

Proposta e aprobación, se procede, do plan de viabilidade do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

Asuntos urxentes e de trámite.

Rogos e preguntas

8 de maio de 2015. Orde do día:

Aprobación se procede, da acta anterior.

Informe do Sr. Decano.

Proposta e aprobación, se procede, das alegacións e do informe provisional de seguimento do máster en Xestión e Planificación do Desenvolvemento Territorial.

Asuntos urxentes e de trámite.

Rogos e preguntas

30 de xuño de 2015. Orde do día:

Aprobación se procede, da acta anterior.

Informe do Sr. Decano.

Proposta e aprobación, se procede, dos programas das materias, curso 2015/2016

Proposta e aprobación, se procede, da asignación dos traballos fin de grao, curso 2015/2016.

Proposta e aprobación, se procede, da solicitude de informe sobre títulos.

Proposta e aprobación, se procede, da inclusión dun profesor nunha liña temática.

Asuntos urxentes e de trámite.

Rogos e preguntas.

30 de xuño de 2015. Orde do día:

Punto único: Proposta e aprobación, se procede, da resolución sobre Traballos Fin de Grao entregados fóra de prazo.

17 de setembro de 2015. Orde do día:

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Informe do Sr. Decano.

Proposta e aprobación, se procede, dos Tribunais de TFG do curso 2015/16.

Proposta e aprobación, se procede, das datas de defensa de TFG.

Proposta e aprobación, se procede, das matrículas de honra, curso 2015/16.

Asuntos urxentes e de trámite.

Rogos e preguntas.

23 de novembro de 2015. Orde do día:

Aprobación, se procede, da acta anterior.

Informe do Sr. Decano.

Análise sobre os indicadores das titulacións do centro.

Proposta e aprobación, se procede, das accións de mellora vinculadas ao informe e seguimento das titulacións do centro.

Asuntos urxentes e de trámite.

Rogos e Preguntas.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade.

O SGIC busca propiciar a mellora continua das titulacións adscritas aos centros da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e renovación de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 3 dimensións e 7 criterios, que se corresponden cos programas elaborados polas asencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Dende o 10 de maio de 2011 a Facultade de Xeografía e Historia conta coa avaliación positiva condicionada do SGIC, cuxa documentación de referencia consistía nun *Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad* (MSGIC), onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun *Manual de Procesos e Procedementos*.

O *Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia*, aprobado o 23 de marzo de 2015, así como o *Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade* e o *Manual de Procesos e Procedementos*, están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Xeografía e Historia, no seu epígrafe adicado ao SGIC:

<http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/sgic.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2014-2015 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes en cada un dos procesos e procedementos, estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio ós Sistemas de Xestión: informes de seguimento dos títulos, plans de melloras, indicadores relevantes.

Accións máis relevantes.

Como aspectos máis salientables tratados nas reunións da Comisión de Calidade, cabe destacar os seguintes:

Reunión do 23 de setembro de 2014. Coordinación de actividades vencelladas coas actividades formativas de Traballos Fin de Grao (TFG) e PAE para o curso 2014-2015, así como concesión das Matrículas de Honra para os TFG do curso 2013-2014.

<http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/tfg.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/pae.html>

Reunión do 31 de outubro de 2014. Informe sobre o seguimento dos títulos do centro.

<http://www.usc.es/gl/centros/xeoehistoria/infotitulos.html>

Reunión do 5 de febreiro de 2015. Elaboración e aprobación do manual simplificado do sistema interno de garantía de calidade do Centro. Programación para a elaboración do informe de viabilidade do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

[http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeoehistoria/descargas/Manual_Simplificado do do SGIC.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeoehistoria/descargas/Manual_Simplificado_do_SGIC.pdf)

[http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Plan de viabilida de en xeografía e ordenación do territorio.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Plan_de_viabilida_de_en_xeografía_e_ordenación_do_territorio.pdf)

Reunión do 27 de marzo de 2015. Aprobación do plan de viabilidade do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio.

[http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Plan de viabilida de en xeografía e ordenación do territorio.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Plan_de_viabilida_de_en_xeografía_e_ordenación_do_territorio.pdf)

Reunión do 8 de maio de 2015. Aprobación das alegacións sobre o informe provisional de seguimento do máster en Xestión e Planificación do Desenvolvemento Territorial.

http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Alegacións_IPS_13_14.pdf

Reunión del 30 de xuño de 2015. Planificación dos programas e calendarios para o curso 2015-2016.

Reunión do 17 de setembro de 2015. Planificación dos TFG do curso 2015-2016.

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/tfg.html>

Reunión do 23 de setembro de 2015. Análise e elaboración dos informes de seguimento das titulacións do centro, así como do plan de accións de mellora para o curso 2015-2016.

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/graoxeo.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/graohis.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/graoarte.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/masterarq.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/mastercont.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/Masterxestion.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/masterxeografía.html>

Indicadores do SGIC.

Preséntanse a continuación os resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC, para o curso académico 2014-2015. Estes indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.

Os datos dispoñibles a nivel de centro proceden do cálculo agregado dos datos dos títulos impartidos no centro no curso académico obxecto desta memoria de calidade. A visión desagregada destes mesmos datos por títulos podese facer a través dos correspondentes informes de seguimento presentados en novembro de 2015.

Débase sinalar que este curso 2014-2015 incorporouse un novo indicador -IN49C-PS-01- relativo ó grao de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos co seu traballo. De ahí que non figure valor para o curso 2013-2014.

Táboa dos indicadores do SGIC para o curso 2014-2015 e 2013-2014			
Código	Descrición	Valor (26/10/2014)	Valor (10/10/2014)
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	366	366
IN02C-PC-05	Matrícula	1044	1011
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso	340	329
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	330	316
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	6,51	-9,75
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	7,72	7,61
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	85,66	78,54
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	1,25	0,89
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	3,26	2,37
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	83,46	80
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	90,16	86,34
IN14C-PC-05	Núm. de matriculados en máster no centro/Núm. de graduados do centro	0,86	0,68
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4,5	4,45
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	3,83	3,36
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	6,61	8,41

IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	74,07	77,66
-------------	--	-------	-------

Táboa dos indicadores do SGIC para o curso 2014-2015 e 203-2014			
Código	Descrición	Valor (26/10/2014)	Valor (10/10/2014)
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	84,53	85,09
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98,35	98,76
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	73,48	80,12
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	5,83	6,37
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	42,76	38,69
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	26,7	27,48
IN34CG-S01-PM-	Taxa de rendemento	75,88	78,99
IN34CM-S01-PM-	Taxa de rendemento	88	86,94
IN35CG-S01-PM-	Taxa de éxito	86,7	89,81
IN35CM-S01-PM-	Taxa de éxito	99,31	99,4
IN36CG-S01-PM-	Taxa de avaliación	87,53	87,95
IN36CM-S01-PM-	Taxa de avaliación	88,61	87,46
IN37CG-S01-PM-	Taxa de graduación	57,37	52,26
IN37CM-S01-PM-	Taxa de graduación	75,47	54,29
IN38CG-S01-PM-	Duración media dos estudos	4,4	4,18
IN38CM-S01-PM-	Duración media dos estudos	1,27	1,23
IN39CG-S01-PM-	Eficiencia dos titulados	92,27	95,89
IN39CM-S01-PM-	Eficiencia dos titulados	95,77	92,68
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	15,81	23,95
IN41CG-S01-PM-	Taxa de abandono RD 1393	26,69	23,88
IN41CM-S01-PM-	Taxa de abandono RD 1393	11,32	25,71
IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co seu traballo	3,33	---
IXA-C04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	9,38	14,76

Descrición do título. A oferta de prazas mantense en 366, ao igual que ocorreu no curso 2013-2014. A modificación dos datos obsérvase na matrícula, que pasa de 1011 a 1044, e na matrícula de novo ingreso que ascende de 329 a 340, entre os cursos de referencia. O motivo deste aumento no número de alumnos en ámbolos dous campos procede do aumento de matrícula xeral nos títulos de grao e máster, en especial nestes últimos.

Xustificación. A matrícula de inicio de estudos (IN04-PC-05) aumenta 4'3%, pasando de 316 a

330. Débese ter en conta que a matrícula de novo ingreso contabilízanse o alumando que provén de validación de estudos.

A relación entre os matriculados de inicio de estudos e as prazas ofertadas é dun 90,16%.

Competencias e obxectivos. Estes datos saen, entre outros referentes, da explotación das enquisas de satisfacción, reflexadas nos correspondentes informes. Para o curso 2013-2014 os datos pódense desagregar entre a satisfacción coa docencia impartida nos graos e nos másteres. Deste xeito, no primeiro caso, alcánzase unha media conxunta de 3,85, sendo a media da USC de 3,81 e a da rama de coñecemento de 3,88 sobre 5. No caso dos másteres a media conxunta é 3,99, sendo a media da USC 3,89 e da rama de coñecemento de 4,02.

Os datos amosan unha progresión positiva, sendo reseñable o nivel acadado na docencia dos másteres.

Acceso e admisión de estudantes. O número total de alumnado matriculado no centro (IN02-PC-05) no curso 2014-2015 é de 1044 estudantes (33 alumnos/as máis que no curso anterior), é dicir, neste curso houbo un 3,1% de incremento.

A porcentaxe de estudantes nacionais fora de Galicia sobre matriculados (IN09-PC-05) nos títulos de referencia é 3,26%, superando nun 23,3% ó curso 2013-2014 (2,37%).

Planificación das ensinanzas. A porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17-PC-08) tivo un incremento do 12,3% sobre o curso pasado, sendo a porcentaxe do curso 2014-2015 do 3,83%.

Onde se percibe unha diminución importante é na porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C-PC-08), onde se pasa dun 8,41% a un 6,61% nos cursos de referencia. Polo tanto apréciase unha diminución do 27,4%. Cabe reseñar tamén que a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade mantense en termos similares ó curso anterior, de 4,45% a 4,5%, respectivamente (IN-16-PC-08).

Nestes datos só se contabilizan os alumnos/as cuxo centro de destino foi a Facultade de Xeografía e Historia, xa que o centro tamén é receptor dun gran número de estudantes que cursan materias específicas dos títulos ofertados no centro ao abeiro de acordos de mobilidade diferentes.

Outra redución, aínda que neste caso pouco significativa, é a que experimentou a porcentaxe de estudantes egresados no curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22C-PC-09). No curso 2014-2015 foron un total de 74,07%, namentras que no 2013-2014 a porcentaxe ascendeu ó 77,66%, é dicir, 4,6%. A pesar desta diminución, propiciada polo proceso académico desenvolto por parte do alumnado, o número de alumnos/as que participan nas PAE é sobresaínte.

Tamén como reflexo desta situación xeral precíbese un aumento do número medio de estudantes por grupo de docencia expositiva (IN31C-PS-01), que pasa de 38,69% (2014-2015) a 42,67% (2014-2015). Pola súa contra, no número medio de estudantes por grupo de docencia interactiva (IN32C-PS-01) obsérvase unha lixeira redución -de 27,48% a 26,7%- debido á

introducción de grupos interactivos de centro.

Son moi positivos os datos relativos os indicadores IN10C-PC-05, relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as przas ofertadas no grao: 83,46%; o IN14C-PC-05, número de matriculados en máster no centro/número de graduados do centro: 0,86; e a nota media de acceso por preinscrición: 7,72.

Recursos humanos. Aínda que se trata dun dato illado ao ser de recente introdución no apartado dos indicadores, cabe reseñar a satisfacción do Persoal de Administración e Servizo có seu traballo, que representa un 3,33 sobre 5 (IN49C-PS-01).

A porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o total de PDI total con docencia no título (IN24C-PS-01) amosa durante o curso 2014-2015 unha pequena redución, pasándose dun 85,09% (2013-2014) a un 84,53%; unha redución equivalente ó 0,6%. Unha tendencia similar detéctase na porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (IN25C-PS-01) e na porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26C-PS-01), sendo os datos concretos para o curso 2014-2015 dun 98,35% e 73,48%, respectivamente. En relación có curso 2013-2014, a redución foi, segundo a mesma orde enumerativa, dun 0,4% e 8,3%. Como consecuencia de todo isto a ratio de estudantes por profesor a tempo completo (IN30C-PS-01) tamén se reduce dun xeito importante: 5,83% no curso 2014-2015 por un 6,37% no curso 2013-2014.

Estes datos non teñen en conta ao profesorado de áreas externas que participa na docencia nos másteres; tampouco ten en conta o profesorado doutras universidades que imparten docencia nos títulos interuniversitarios. A redución neste apartado debe asociarse cos procesos de xubilación que se están a producir nos últimos anos e, dado que non hai un incremento efectivo dos recursos de PDI, tamén debido a contabilización do alumnado en formación que conta con certa capacidade para impartir docencia interactiva.

Recursos materiais e servizos. No proceso de revisión do SGIC levado a cabo durante o curso 2012-2013, suprimíronse os indicadores relativos a esta dimensión da memoria que, sen embargo, queda perfectamente recollida nos informes de seguimento de cada un dos títulos.

De xeito resumido se poden sinalar os seguintes datos:

Nestes momentos a Facultade dispón de tódolos recursos materiais e servizos necesarios para a impartición do título; non obstante, hai que sinalar que sempre é preciso mellorar as condicións existentes para actualizar constantemente o sistema de ensino. É esta a razón que leva a intentar aumentar os espazos de traballo comunitario e de titorías en grupos reducidos, para adecuar a estas funcións ás aulas cuxas dimensións no se axustan a estas necesidades. Igualmente debe de terse en conta que nunha facultade instalada nun edificio histórico as tarefas céntranse na actualización das infraestructuras de xeito gradual pero continuo, en función da urxencia das actuacións, para levar a cabo o mantemento da construción mentres non se produza a desexada rehabilitación integral do inmovible.

O feito de que se trate dun edificio histórico, supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais; non obstante o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao

nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais.

O edificio conta cun total de 19 aulas e 6 seminarios (Fonte.- http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/horario_aulas.html). Todos eles están dotados de sistemas de proxección dixital, conexión a internet e conexión wifii. Así mesmo cóntase cun laboratorio de prehistoria e xeografía, un aula de cartografía e tres aulas de informática cun total de 68 postos.

Así mesmo a biblioteca do centro dispón dunha dotación de fondos ampla (Datos.- Recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria (1), Curso 2009-2010.- 114990 monografías e 2477 publicacións periódicas, Curso 2010-2011. 121822 monografías e 2606 publicacións periódicas:

Curso 2011-2012.- 124113 monografías e 2844 publicacións periódicas; Curso 2012-2013.- 125.959 monografías e 2.732 publicacións periódicas; Curso 2013-14.- 129.344 monografías e 2.780 publicacións periódicas; Curso 2014-15.- 132.974 monografías e 3.076 publicacións periódicas; Fonte.- Informe 02).

De igual xeito que coas infraestructuras presentes na facultade, outro aspecto a ter en conta son os servizos que se ofertan aos estudantes para a realización das Prácticas académicas externas - PAE-, nos que a titulación conta cun número significativo de convenios, mais de coarenta, con outras tantas institucións

Resultados previstos. No que respecta a taxa de rendemento, calculada como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados), pódese observar unha redución nos graos (IN34CG-S01-PM-01), que pasan do 78,99 (2013-2014) ó 75,88% (2014-2015). Un proceso inverso ao que se constata nos másteres (IN34CM-S01-PM-01), onde o aumento no curso obxecto desta memoria supera o curso anterior: 88% e 86,94%, respectivamente.

Pola súa parte a taxa de éxito, que se calcula como a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios superados e os créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados, (IN35CG-S01-PM-01 e IN35CM-S01-PM-01) amosa unha tendencia similar, reducíndose nos cursos de referencia dun 89,81% a un 86,7% nos graos, e dun 99,4% a un 99,31% nos másteres.

Esta mesma tendencia apréciase na taxa de avaliación que se calcula como a porcentaxe entre o número de créditos ordinarios presentados entre o número de créditos ordinarios matriculados, mantendo os mesmos criterios de exclusión que nos casos anteriores (IN36CG-S01-PM-01 e IN36CM-S01-PM-01). Nesta ocasión a diminución detéctase nos graos, onde se pasa do 87,95% (2013-2014) A 87,53% (2014-2015). Pola súa parte, os másteres amosan un lixeiro ascenso, pasando do 87,46% ó 88,61%.

Pola contra, a taxa de graduación sofre un ascenso significativo neste curso 2014-2015, tanto nos graos (IN37CG-S01-PM-01) como nos másteres (IN37CM-S01-PM-01). O ascenso supón pasar dun 52,26% a un 57,37%, e dun 54,26% a un 75,47%, respectivamente. A taxa de graduación calcúlase como a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada.

A eficiencia dos titulados, calculada como a porcentaxe entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de graduados dun determinado ano, é do 92,27% fronte ó 95,89% do curso 2013-2014 (IN39CG-S01-PM-01) nos graos, e do 95,77% fronte ó 92,68% (IN39CM-S01-PM-01) para ós másteres.

Finalmente a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG-S01-PM-01) baixou no curso 2014-2015 nos graos. Pola súa parte a taxa de abandono segundo o RD1393 ten una tendencia diferente en graos e másteres. Nos primeiros aumenta pasando de 23,88% (2013-2014) a 26,69% (2014-2015), namentras que nos segundos a tendencia é a baixa pasando de 25,71% (2013-2014) a 11,32% (2014-2015). (IN41CG-S01-PM-01, IN41CM-S01-PM-01).

A duración média dos estudos dos graos é de 4,4 anos para o curso 2014-2015 fronte os 4,18 anos para o curso 2013-2014 (IN38CG-S01-PM-01); no caso dos másteres (IN39CM-S01-PM-01) pasouse de 1,23 anos (2013-2014) a 1,27 anos (2014-2015).

3. Plan de Melloras do Centro.

Revisión do plan de melloras da Facultade de Xeografía e Historia para o curso 2014-2015

Antes de presentar o plan de melloras do centro para o curso 2015-2016, se presenta o resumo do plan de melloras do curso 2014-2015, derivado do proceso piloto de acreditación dos títulos de grao que se imparten na facultade.

ID	ORIXE	DESCRIPCIÓN	ESTADO	RESPONSABLE	COMISIÓN	REMATADA
AM-6	Propostas de Mellora	Cr.6.a.- Dende o centro impulsárase que as programacións de cada unha das materias contemplen de forma explícita o procedemento para analizar e avaliar a correcta adquisición das competencias específicas indicadas: creatividade, traballo en grupo...	Finalizada	M ^a Teresa Vázquez Barbazán	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
AM-7	Propostas de Mellora	Cr.2.a.- Revisar a ausencia da CE2 e solicitar aos servizos centrais que a inclúan dentro da información dispoñible na web.	Finalizada	M ^a Teresa Vázquez Barbazán	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
AM-8	Propostas de Mellora	C.7.a.- A análise dos valores fixados na taxa de abandono xa se realizaron ao longo dos cursos 2011-2012, e 2012-2013. O factor da elevada porcentaxe de estudantes que se matriculan no grao sin unha preferencia clara por este, débese engadir circunstancias docentes que incentivaban o abandono por parte destes. Unha vez que se aplicaron medidas correctoras no segundo dos factores mencionados, considérase que se deben analizar os valores da taxa de abandono durante o curso 2013-2014 para comprobar si se comezou a corrixir esta tendencia.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
AM-10	Propostas de Mellora	Cr.1.a.- As áreas de coñecemento implicadas no desenvolvemento do grao en Xeografía e Ordenación do Territorio presentan unha sobrecarga docente moi acusada que tivo como consecuencia, en momentos puntuais, non se poidera atender adecuadamente unha demanda sobrevida. Con vistas ao curso 2014-2015 puxéronse tódolos medios posibles dende a Planificación Docente Anual do grao e o Plan de Organización Docente do departamento de Xeografía para corrixir eses desaxustes. De todo isto darase traslado á Vicerreitoría de Organización Docente.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015

AM-11	Propostas de Mellora	Cr.1.b.- Continuarase coa dinámica creada no presente curso 2013-2014 de crear grupos interactivos do centro co obxecto de reducir o número de alumnos por grupo . Dita actuación quedará condicionada ás capacidades docentes e a infraestrutura do centro.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
AM-12	Propostas de Mellora	Cr.1.c.-Tense previsto comezar a análise dos títulos a través dunha comisión. Neste momento, con vista a unha modificación das memorias e a súa posterior verificación, incluírase a reflexión sobre as materias	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015

AM-12	Propostas de Mellora	Poderán incluír de acordo cos futuros intereses profesionais do estudantado.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD	31/07/2015
AM-13	Propostas de Mellora	Cr.1.d.- De acordo coa normativa vixente aplicable ás PAE e a ubicación desta materia como optativa no segundo cuatrimestre, o período no que se poden realizar as PAE, tanto na súa primeira como na segunda oportunidade, supón a suspensión da actividade docente. Dita situación provoca que o calendario do segundo cuatrimestre se faga máis intensivo.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	Comisión de Prácticas Externas	31/07/2015
AM-14	Propostas de Mellora	Cr.1.e.- En relación có TFG. 1.- Para o curso 2014-2015 establecéronse as pautas de presentación do traballo. (Cfr. http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/tfg.html). 2.- Para a avaliación dos TFG do presente curso 2013-2014 fixáranse criterios unificados de valoración por contido, presentación formal, defensa e debate. 3.- Revisión dos criterios de composicións dos tribunais de TFG. 4.- Procurar que os alumnos poidan acceder aos másteres en condicións segundo o calendario de defensa	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
AM-15	Propostas de Mellora	Cr.1.f.- Dado que o precedente de asignación da docencia trascende ás competencias do centro, afectando a áreas de coñecemento e departamentos, darase traslado ás partes implicadas.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL	31/07/2015
AM-16	Propostas de Mellora	Cr.1.g.- A mobilidade dos estudantes de grado veuse dificultada por diferntes motivos: redución do número de bolsas, maior esixencia a hora de acreditar o dominio do idioma na universidade de destino. Intentárase potenciar a participación dos alumnos no próximo curso 2014-2015. Cr.1.f.- Se ben se informa dende o primeiro curso, incluso dende o día da presentación, ao alumnado sobre a necesidade de acadar o nivel en lingua extranxeira, insistírase a través de campañas informativas.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015

AM-17	Propostas de Mellora	Cr.2.a.- Unha vez que as comisión delegadas da Xunta de Facultade contén con estudantes representantes, potenciarase o carácter dinámico e proactivo dos sistemas de información. Cr.2.b/c.- Actualizaranse os datos relativos a taxa de graduación e abandono dos títulos.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
AM-18	Propostas de Mellora	Cr.3.a.- No seu día propúxose que a Comisión Permanente e a CCC estivesen unificadas co obxecto de axilizar a toma de decisións. Procederase ao análise de dita proposta. Cr.3.b.- Potenciarase e fomentarse que tódolos grupos de intereses participen no SGIC. Cr.3.c.- Trasládase a Vicerreitoría responsable do deseño do SGIC a recomendación da enquisa sobre satisfacción do PAS. Cr.3.d.- Tense previsto crear un órgano consultivo	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015

AM-18	Propostas de Mellora	externo, previa aprobación por parte da Xunta de Facultade. Cr.3.e.- Tanto a través das PAE, aspecto que xa está en funcionamento, como a través do Órgano Consultivo Externo, recollerase e integrarase a opinión dos empregadores do SGIC.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
AM-19	Informe de Seguimento	Cr.4.a.- Está previsto aprobar o plan estratéxico do centro no último trimestre do 2014. Cr.4.b.- O Programa DOCENTIA non se chegou a implantar de forma efectiva na USC. Nos programas pilotos a mostra de participación non se pode considerar representativa para unha análise	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
AM-20	Propostas de Mellora	Cr.5.a.- Trasládase, do mesmo xeito no que se fixo ata o momento, ás autoridades da USC a necesidade de abordar o deseño dun plan director do edificio que alberga o centro co obxecto de que, unha vez realizado, se poida ir resolvendo o conxunto de deficiencias que presenta. Cr.5.b.- O horario do PAS depende da Xerencia da USC, así como polos convenios correspondentes, polo que non parece factible modificar a xornada laboral e o traslado de parte da xornada a tarde.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015

AM-21	Propostas de Mellora	Cr.5.b.- Tanto o centro como o departamento de Xeografía veñen facendo un esforzo económico e de organización importante á hora de facilitar ao alumnado do grao o software comercial necesario para todas as materias que o precisan. Potenciarase o uso de ferramentas de software libre na medida na que os reponsables académicos de cada unha das materias o consideren apropiado e adecuado para as demandas formuladas polos empregadores. Dende o centro trasládase esta necesidade a área TIC, así como o interese por implementar partidas presupuestarias para manter os convenios comerciais con distribuidores de software propietario.	Finalizada	Juan M. Monterroso Montero	COMISIÓN DE CALIDAD DEL CENTRO	31/07/2015
